



Concello de
Redondela



REGULAMENTO V CONTRARRELOXO POR EQUIPOS CONCELLO DE REDONDELA

O **SÁBADO 12 de SETEMBRO de 2026**, terá lugar en Redondela a V edición da CONTRARRELOXO POR EQUIPOS CONCELLO DE REDONDELA, organizada polo CONCELLO DE REDONDELA en colaboración co club de atletismo ASOCIACIÓN DEPORTIVA C.A.R., e contando co patrocinio de RODAVIGO, AQUALIA, GRUPO LIRÓN, DECORACIONES BARCIELA, TALLERES PONTESECA, EDUSPORTIA e GRUPO DAMM.

1- NORMAS DE PARTICIPACIÓN

Poderán participar na contrarrexloxo todas aquelas persoas nadas dende o ano 2010 (incluído) que o desexen, sempre que estean inscritas nos prazos e formas establecidos ao efecto pola Organización.

Os equipos estarán formados entre **4 e 6 compoñentes** (no caso dos equipos mixtos un mínimo de 2 compoñentes terán que pertencer ao xénero contrario), tendo que chegar a meta xuntos, como mínimo, 4 dos compoñentes (no caso dos equipos mixtos dous compoñentes serán masculinos e dous femininos)

2- CATEGORÍAS DE COMPETICIÓN

As categorías de competición, tanto para xénero masculino como feminino, serán as seguintes, podendo participar tódalas persoas nadas despois do ano 2010, este último incluído.

Equipos masculinos	Nados no ano 2010 e posteriores
Equipos femininos	Nadas no ano 2010 e posteriores
Equipos mixtos	Nados e nadas no ano 2010 e posteriores

3- HORARIO DA PROBA, DISTANCIA E PERCORRIDO

A proba comezará ás **20:00 h do sábado 12 de setembro**, e discurrirá por un percorrido urbano, completamente pechado ao tráfico, que ten unha distancia aproximada de 5 km.

Haberá que dar dúas voltas: unha pequena (1600m) e unha grande (3400m), pasando por liña de meta entre unha e outra. O perfil do mesmo é completamente plano e 100% asfalto (percorrido publicado no Anexo).

Os equipos saíran cada minuto, tendo que presentarse na zona de saída con 5 minutos de antelación ao momento da súa saída. A organización publicará a orde de saída con antelación á celebración da proba.

4- INFORMACIÓN E INSCRICIÓN

As inscricións realizaranse online na plataforma de **CRONOTEC**. <https://cronotec.es/>

As inscricións **pecharán o mércores, día 9 de setembro as 20:00h** . Non poderá inscribirse ningún equipo fóra desta data.

A cota de inscrición será de 6 € por atleta se se inscriben antes do día 2 de setembro. A partir desa data, e ata peche de inscricións, a cota será de 8 € por atleta.

5- RECOLLIDA DE DORSAIS:

Os dorsais de competición poderán recollerse nos soportais do Concello de Redondela ata TRINTA MINUTOS ANTES DO INICIO DA CARREIRA. Será obrigatorio participar co dorsal oficial da proba, colocado de forma totalmente visible na parte anterior do corpo.

Non se permitirá participar a ningún atleta que non leve dorsal.

6- SAÍDA E CHEGADA DAS PROBAS

A saída das probas estará ubicada na ALAMEDA CASTELAO. A meta estará ubicada na rúa Alfonso XII, concretamente fronte á CASA DO CONCELLO.

O primeiro equipo en saír farao ás 20:00h. A partir de ahí, a cada minuto, poranse en carreira os distintos equipos. Con antelación, a organización publicará a orde de saída dos distintos equipos.

7- PREMIOS E AGASALLOS

Establécense premios para os tres primeiros equipos clasificados en cada unha das tres categorías definidas pola organización.

O primeiro equipo clasificado de cada categoría recibirá unha cesta de produtos gourmet valorada en 150 € e un premio económico de 100 €. O segundo equipo clasificado recibirá unha cesta de produtos gourmet valorada en 100 € e un vale de 60 € para

material deportivo. O terceiro equipo clasificado recibirá unha cesta de produtos gourmet valorada en 75 € e un vale de 40 € para material deportivo.

8- AVITUALLAMENTO

Todos/as os/as inscritos gozarán dun avituallamento líquido e sólido ao finalizar o evento.

Ao remate da proba, a organización ofrecerá ás persoas participantes un servizo de corte de xamón así como cervexa, só para as persoas maiores de idade

Haberá a disposición dos atletas colectores de lixo polo que agradecemos que ao rematar depositen o lixo neles.

9- DUCHAS

Haberá servizo de duchas no pavillón municipal da Marisma.

<https://maps.app.goo.gl/5V3NLsWk3mWmBfUy9>

10- SERVICIOS MÉDICOS

A organización disporá dos servizos médicos obrigatorios, seguro de accidentes deportivos e seguro de responsabilidade civil.

11- USO DE IMÁXES

Durante o evento realizaranse fotografías e vídeos que poderán ser utilizadas e difundidas a través das redes sociais da Asociación Deportiva C.A.R. e do Concello de Redondela coa finalidade de promocionar a proba e o deporte. A inscrición na carreira implica a autorización para o uso destas imaxes para os fins indicados.

12- DECLARACIÓN RESPONSABLE

Cada participante, ou o seu pai, nai ou titor/a legal no caso de menores de idade, declara baixo a súa responsabilidade que se atopa en condicións físicas óptimas para participar na proba asumindo os riscos inherentes á práctica deportiva e exime á organización de calquera responsabilidade derivada de danos ou lesións ocasionadas por causas alleas á súa actuación.

13- PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos non serán cedidos a terceiros, agás nos supostos previstos legalmente ou cando sexa necesario para a correcta organización do evento.

14- ANEXO. PLANO DO PERCORRIDO

